

O Pedrón de Ouro, para Mini e Mero

fonte / máis información
(última actualización: 17 / 4 / 09)



Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias levan dende 1972 anos recollendo e transmitindo o patrimonio da tradición oral galega. A Fundación Pedrón de Ouro reconece este labor de case catro décadas co premio Pedrón de Ouro 2009.

O Pedrón de Ouro reconece a personalidade ou entidade viva e residente en Galiza "que máis destacase na defensa e promoción das facetas da cultura nacional" ao longo do ano ou nunha traxectoria vital, como é o caso. Por outra banda, o Pedrón de Honra distingue unha personalidade ou entidade viva, galega ou non, mais residente fóra de Galiza, que destacase polas súas achegas ao "engrandecemento da Nación e a súa cultura".

Tanto Mini e Mero como Mariana Ploae-Hangagu, filóloga romanesa que leva o Pedrón de Honra polo seu "labor de difusión" da lingua e cultura galegas no seu país, recibirán cadanseu premio o 24 de maio ás 12.30, nun acto literario na Casa Museo de Rosalía, en Padrón.

Mini e Mero, membros do grupo de música tradicional 'A Quenlla', declaráronlle a Efe sentiren unha "gran satisfacción" por recibiren o Pedrón de Ouro, que supón para eles "un empurrón" para seguir recompilando cancións, refráns, lendas e expresións. Mini engadiu que o galardón é tamén para moitas persoas que desenvolven tarefas similares, "en silencio", e que nin el nin Mero "o merecen", xa que o seu traballo "é egoísta, é beber nunha fonte na que outros non poden".

Os dous musicólogos, transmisores dunha cultura oral e musical que doutro xeito se perdería, afirman que o mérito é "redescubrirse a si mesmos" a través da investigación cultural que emprenderon hai 37 anos. Levan todo ese tempo recompilando material por toda a xeografía galega, pero fundamentalmente na Terra Cha, a súa comarca natal, e nas zonas de Boimorto e Mesía, onde exercen a docencia.

Afirman que é "imposíbel" contabilizar o material recompilado, arquivos que queren "difundir" e "pór nun gran foro" porque "son patrimonio de todos". Teñen en marcha un proxecto de colaboración co Museo do Pobo Galego, que permitirá acceder a unha base de datos de todo o patrimonio oral recollido dentro dun ano, aproximadamente.

Noticia enviada por **Xan Rolei**